

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6939 *Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.*

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009, do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004, do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello, fundaméntase na explotación sustentable dos recursos.

O marco xurídico conformado polo Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009, do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentaria; se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2847/93, (CE) n.º 1936/2001 e (CE) n.º 601/2004, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 1093/94 e (CE) n.º 1447/1999; e polo Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os regulamentos (CE) n.º 847/96, (CE) n.º 2371/2002, (CE) n.º 811/2004, (CE) n.º 768/2005, (CE) n.º 2115/2005, (CE) n.º 2166/2005, (CE) n.º 388/2006, (CE) n.º 509/2007, (CE) n.º 676/2007, (CE) n.º 1098/2007, (CE) n.º 1300/2008 e (CE) n.º 1342/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2847/93, (CE) n.º 1627/94 e (CE) n.º 1966/2006, son os piares en que se sustenta a política pesqueira común para acadar os seus obxectivos.

Cómpre ter tamén en consideración a regulación contida na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, que introduce novidades que afectan o ámbito da comercialización pesqueira. Entre os seus fins recóllense mellorar a rastrexabilidade da cadea alimentaria, a formalización dos contratos alimentarios e as poxas electrónicas, que poderán ser de aplicación na primeira venda de todos os produtos pesqueiros, así como o seu réxime sancionador.

Por outra parte, é de aplicación a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que establece un marco regulador claro e transparente que garanta a libre concorrència e a competitividade do sector pesqueiro, de maneira que os produtos poidan circular libremente polo territorio nacional, sendo só exixibles os requisitos aplicados na comunidade autónoma onde se realice a primeira venda.

Mediante este real decreto régúlase de maneira integral a primeira comercialización da totalidade dos produtos pesqueiros, xa sexan de orixe mariña ou de augas continentais, e procedentes da actividade profesional, e séntanse as bases do sistema da rastrexabilidade pesqueira. No caso de produtos pesqueiros procedentes de terceiros países entenderase realizada a súa primeira venda no momento da súa entrada no territorio nacional, cuxa rastrexabilidade e control queda garantido polo certificado de captura derivado do Regulamento (CE) n.º 1005/2008, do 29 de setembro de 2008, ou por outros documentos alfandegueiros que conteñan, para efectos de información ao consumidor, unha información equivalente ao disposto no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro.

De igual modo, este real decreto non será de aplicación en materia de primeira venda para os produtos en conserva e outros produtos incluídos nas partidas 1604 e 1605 da

nomenclatura combinada, establecida polo Regulamento (CE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandagueiro común, ao estar o produto xa vendido en lonxa ou proceder dunha importación, sen prexuízo doutra normativa comunitaria ou nacional que os afecte.

Así mesmo, regúlase o intercambio de información entre administracións e operadores en materia de comercio exterior. Débese establecer a documentación necesaria para o transporte posterior á entrada en territorio comunitario, que garanta a rastrexabilidade dos produtos pesqueiros, así como a comunicación das notas de venda de buques españois en terceiros países.

O artigo 59 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, establece que a primeira venda dos produtos da pesca se debe realizar nunha lonxa ou a un comprador autorizado ou organización de produtores. Estas posibilidades que ofrece o regulamento circunscríbense en España a que as lonxas ou outros establecementos autorizados polas comunidades autónomas serán as únicas entidades facultadas para rexistrar a primeira venda de todos os produtos pesqueiros, así como a formalización do resto dos documentos instituídos no presente real decreto, sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 5.3.

Por unha parte, o artigo 58 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, establece que todos os lotes de produtos da pesca e da acuicultura deberán ser rastrexables en todas as fases da cadea de produción, transformación e distribución, desde a captura ou a recollida ata a fase da venda polo miúdo, e inclúen os produtos da pesca de augas continentais, especies eurihalinas, acuicultura, marisqueo, algas e argazos e os produtos da pesca marítima. A rastrexabilidade é o instrumento que vai facer chegar a información obrigatoria ao consumidor, recollida no artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro de 2013, así como outra información que con carácter voluntario poderá ampliar o retalista para unha mellor información ao consumidor final que mellore o seu criterio de elección.

Por outra parte, o artigo 64 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro, establece o contido mínimo da nota de venda. Co fin de reducir a cantidade de documentos que deberán elaborar os operadores, a información sobre rastrexabilidade e nota de venda recollerase exclusivamente na nota de venda, que conterá todos os campos necesarios para iso, salvo os produtos do artigo 5.1.c), que se recollerán no documento de rastrexabilidade e sen prexuízo das excepcións do artigo 5.3.

A partir da entrada en vigor da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, a poxa deixou de ser o único medio de realización da primeira venda de produtos pesqueiros. No entanto, na práctica, seguiu sendo case en exclusiva o único medio utilizado. Este real decreto declara expresamente a posibilidade de realizar a primeira venda dos produtos pesqueiros mediante a fórmula comercial que se estableza por mutuo acordo entre as partes, sempre que se faga nunha lonxa ou establecemento autorizado e confeccionando, de ser o caso, un contrato alimentario, sen prexuízo das excepcións recollidas no artigo 5.3.

A responsabilidade do cumprimento das obrigas derivadas da primeira venda dos produtos pesqueiros incúmbelle ao seu propietario e correspóndelles aos armadores ou titulares dunha licenza profesional no caso da pesca extractiva, aos titulares de instalacións de acuicultura en caso de produtos da acuicultura e, no caso do marisqueo ou recolección de algas e argazos, aos titulares das licenzas para o exercicio da actividade.

Deberase distinguir entre os produtos procedentes da pesca extractiva en calquera modalidade, incluído o marisqueo, que deben cubrir unha nota de venda, dos produtos da acuicultura, incluídas as granxas de engorda, así como as algas e argazos, aos cales se lles exixirá que cubran un documento de rastrexabilidade.

Segundo o disposto no artigo 59.2 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro, para aqueles produtos suxeitos a cubrir unha nota de venda, unicamente poderán efectuar operacións aqueles compradores rexistrados dados de alta polas lonxas ou establecementos autorizados e comunicados ás comunidades autónomas para o seu rexistro.

Esta regulación é nova. Resulta ineludible o establecemento dun mínimo normativo dirixido a garantir a rastrexabilidade e o control integral da produción e comercialización, conforme exige a normativa comunitaria antes citada, de acordo coa competencia que lle outorga ao Estado o artigo 149.1.13.^a da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. Neste sentido, sobre a base da xurisprudencia do Tribunal Constitucional e como consecuencia do establecemento de requisitos específicos sobre rastrexabilidade de todos os produtos pesqueiros no Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, mediante a modificación introducida pola Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, procédese a axustar, na súa totalidade, ao bloque de constitucionalidade as disposicións do capítulo V do título II da Lei 3/2001, do 26 de marzo, en materia de desembarque e primeira venda de produtos pesqueiros, que se ditan como lexislación básica de ordenación da actividade comercial, no relativo ao establecemento de requisitos de rastrexabilidade dos produtos pesqueiros para a súa comercialización, ao abeiro da habilitación contida na cláusula 13.^a do artigo 149.1 da Constitución. Resulta obrigado conter un réxime básico común de rastrexabilidade dos produtos pesqueiros, tanto se proveñen da actividade extractiva de augas exteriores como se proceden da pesca de augas interiores, do marisqueo ou da acuicultura. Respecto dos ditos produtos procedentes do marisqueo e da acuicultura, o ámbito de aplicación deste real decreto, polo tanto, refírese á rastrexabilidade e ao control.

As comunidades autónomas poderán regular a adquisición de produtos pesqueiros por consumidores finais directamente do produtor, para aqueles casos especiais que estas poidan determinar, sempre dentro dos límites establecidos na normativa comunitaria, segundo o establecido no artigo 5.3.

Os concesionarios de lonxas e establecementos autorizados deben recompilar a información dos produtos pesqueiros, cubrindo os documentos establecidos neste real decreto que deberán entregar aos operadores ou transportistas, de ser o caso, e sen prexuízo das excepcións que se establecesen. Con este fin considérase necesario exixir, independentemente do seu volume de negocio, a transmisión electrónica da información pertinente, e estará á disposición das administracións competentes o seu contido.

A obrigatoriedade de efectuar en lonxa a primeira venda dos produtos establecidos no artigo 5.1.a) e potestativamente no resto de produtos debe garantir o cobramento aos produtores. Para poder operar como comprador rexistrado nunha lonxa, as comunidades autónomas regularán un sistema de garantía de avais ou fianzas, logo de informe da Conferencia Sectorial de Pesca e de conformidade coa Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.

Regúlase igualmente o transporte dos produtos pesqueiros, que debe estar amparado pola documentación correspondente, tanto no caso de se ter producido a primeira venda ou non, sen prexuízo da documentación específica que deba acompañar o produto, en aplicación da súa normativa sectorial, como o atún vermello (*Thunnus thynnus*) ou especies do xénero *Dissostichus* e do disposto no artigo 8.4 para os produtos que deban cubrir un documento de rastrexabilidade.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente debe garantir o intercambio electrónico entre administracións nacionais e comunitarias da información pertinente relativa aos documentos establecidos no presente real decreto, segundo o disposto no artigo 58.4 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro.

Con este fin, faise necesaria a coordinación entre as comunidades autónomas e a Secretaría Xeral de Pesca de maneira que a información xerada polas lonxas e polos establecementos autorizados se encontre en poder de todas as administracións competentes nun prazo máximo de 24 horas. Para iso, a Secretaría Xeral de Pesca porá un sistema informático común á disposición das comunidades autónomas, dos concesionarios de lonxas e de establecementos autorizados e doutros operadores.

Este real decreto derroga non só as normas que sexan contrarias a esta nova regulación, senón todas aquelas que quedaron obsoletas.

Por último, modifícase o Real decreto 114/2013, do 15 de febreiro, polo que se crea e regula o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común, se establecen as normas de aplicación do sistema de puntos e se actualizan os importes das sancións previstas na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, para adaptar a numeración dos seus artigos á modificación introducida no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, a través de Lei 33/2014, do 26 de decembro.

A disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e a disposición derradeira cuarta da Lei 12/2013, do 2 de agosto, facultan o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

De conformidade co previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1999, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, esta disposición foi remitida á Comisión Europea e aos demais Estados membros. Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros, entendidos como tales os procedentes da pesca extractiva marítima e de augas continentais, o marisqueo, a acuicultura e a produción de algas, así como a recolección de argazos, incluídos no capítulo 3, e a partida 12 12 21 00 ou as súas actualizacións, da Nomenclatura combinada, establecida polo Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común.

2. Enténdese por primeira venda a que se realice por primeira vez dentro do territorio comunitario e na cal se acredite documentalmente o prezo do produto pesqueiro, con ocasión do seu desembarque, ou calquera outra modalidade de entrada no territorio nacional, sen prexuízo dos preceptos establecidos no número 3 deste artigo.

3. Para efectos deste real decreto, considerarase realizada a primeira venda, no caso de produtos pesqueiros procedentes de terceiros países, no momento da súa entrada no territorio nacional por calquera vía, e deben cumprir os requisitos establecidos nos números 8 e 9 do artigo 4, así como os requisitos do artigo 11 que os afecten. Así mesmo, no caso de que se produza a primeira venda de produtos de buques pesqueiros españois en países terceiros, deberase comunicar o contido da transacción á Secretaría Xeral de Pesca, segundo o establecido no artigo 12.3.

4. O disposto no presente real decreto enténdese sen prexuízo do cumprimento da normativa alfandegueira aplicable no seu caso.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Serán de aplicación, para efectos deste real decreto, as definicións recollidas no Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello; no Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, o Regulamento (CE) 1224/2009, do 20 de novembro de 2009,

polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común, se modifican os regulamentos (CE) n.º 847/96, (CE) n.º 2371/2002, (CE) n.º 811/2004, (CE) n.º 768/2005, (CE) n.º 2115/2005, (CE) n.º 2166/2005, (CE) n.º 388/2006, (CE) n.º 509/2007, (CE) n.º 676/2007, (CE) n.º 1098/2007, (CE) n.º 1300/2008 e (CE) n.º 1342/2008 e se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 2847/93, (CE) n.º 1627/94 e (CE) n.º 1966/2006, e na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

2. Así mesmo, serán de aplicación as seguintes definicións:

a) Marisqueo: extracción, con carácter habitual e fins comercializadores, de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados, en augas mariñas, salobres ou continentais, con artes específicas e selectivas, tanto a pé como con embarcación, fosen sementados ou non.

b) Argazos: algas mortas arrincadas pola acción directa do mar e acumuladas nas praias ou nas rochas das costas.

c) Descarga: a extracción da carga de produtos pesqueiros do contedor utilizado para o seu transporte. Non obstante, a primeira descarga, en calquera cantidade, desde un buque pesqueiro á terra, denomínase desembarque.

d) Establecemento autorizado: instalación autorizada polas comunidades autónomas para efectuar a primeira venda dos produtos pesqueiros, que non se efectúa na lonxa, e que actuará como primeiro expedidor. Pódense autorizar, entre outros, buques conxeladores ou buques factoría, de ser o caso.

e) Comprador rexistrado: operadores dados de alta polas lonxas ou establecementos autorizados e comunicados ás comunidades autónomas para o seu rexistro, co fin de poder adquirir produtos pesqueiros que teñan obriga de efectuar nota de venda.

f) Especies eurihalinas: son aquelas especies pesqueiras capaces de vivir nun medio cun amplo rango de concentración de sales sen que se vexa afectado o seu metabolismo.

g) Unidade de produción: medios utilizados polo produtor para obter produtos pesqueiros con vistas á súa introdución no mercado. No caso da pesca extractiva será o buque (nome e matrícula) e no caso da acuicultura, a propia instalación (número do Rexistro de Explotacións Gandeiras e titular). No caso de modalidades de pesca sen embarcación ou sen instalación acuícola, será a persoa física ou xurídica.

h) Método de produción: procedemento de obtención dos produtos pesqueiros.

1.º Pesca marítima ou marisqueo de augas mariñas ou salobres: capturado.

2.º Pesca ou marisqueo en augas continentais: capturado en auga doce.

3.º Acuicultura: de cría.

4.º Algas e argazos: recolección.

Artigo 3. Lugares para efectuar o desembarque ou descarga.

1. Os produtos pesqueiros que accedan ao territorio nacional e que se desembarquen ou descarguen nun porto efectuarán a operación nos portos designados polos órganos competentes das comunidades autónomas ou pola Administración xeral do Estado, segundo se trate de portos de competencia autonómica ou estatal, e nos peiraos ou lugares designados polas autoridades portuarias.

2. No caso dos produtos pesqueiros en que non se efectúe o desembarque ou descarga nun porto, a Administración competente poderá autorizar o seu desembarque ou descarga nos lugares que se determinen. No caso dos produtos que deban cubrir unha nota de venda, segundo o establecido no artigo 7, deberá quedar garantida a pesaxe e, de ser o caso, o transporte a unha lonxa ou establecemento autorizado, segundo o disposto nos artigos 60 e 61 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009.

Artigo 4. Disposicións xerais.

1. Os produtores poderán comercializar os seus produtos por calquera método admitido en dereito, sen que sexa obrigatoria a poxa, e deben pasar obrigatoriamente pola

lonxa ou establecemento autorizado para a pesaxe e o control dos lotes, sen prexuízo das excepcións establecidas neste real decreto que poidan determinar as comunidades autónomas en aplicación do artigo 5.3.

2. A lonxa ou establecemento autorizado actuará como primeiro expedidor e debe cubrir os documentos establecidos nos artigos 7 a 10 que correspondan, sen prexuízo das excepcións establecidas neste real decreto e sen menoscabo das demais obrigas que os afecten.

3. No caso de que a primeira venda non se efectúe mediante poxa, os pactos, contratos ou calquera tipo de transacción deben quedar rexistrados previamente na lonxa ou establecemento autorizado e ser postos en coñecemento dos órganos competentes das comunidades autónomas, coa excepción dos produtos que non teñan obriga de efectuar nota de venda e os establecidos no artigo 5.1.d), sen prexuízo da obrigatoriedade de efectuar un contrato alimentario de se cumpriren os supostos establecidos no artigo 2.3 e no capítulo I do título II da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

4. As lonxas ou establecementos autorizados deberán publicar os horarios de funcionamento e informar con antelación da orde en que se efectuarán as primeiras vendas, calquera que sexa a localización onde estas se realicen. Non será de aplicación para os produtos recollidos no artigo 5.1.d).

5. As comunidades autónomas poderán regular a realización de poxas electrónicas naquelas lonxas ou establecementos autorizados que contén coa infraestrutura adecuada, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

6. No caso dos produtos pesqueiros que teñan obriga de efectuar unha nota de venda, prohíbese facer segundas poxas ou vendas dos lotes que fosen previamente adjudicados ou vendidos, dentro dos recintos das lonxas ou establecementos autorizados para exercer a primeira venda, coa única excepción de que resultase falida a transacción.

7. Os concesionarios das lonxas ou establecementos autorizados poderán realizar vendas a consumidores finais sempre que se enmarque na actividade de pesca-turismo ou turismo acuícola e será obrigatorio que se cubra a nota de venda ou o documento de rastrexabilidade correspondente, segundo o establecido nos artigos 7 e 8. As comunidades autónomas que autoricen esta actividade deberán regular as cantidades e os importes máximos dos produtos adquiridos nesta modalidade e queda prohibida a venda de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.

8. Os importadores de produtos pesqueiros procedentes de terceiros países deberán estar en condicións de poder transmitir a información de rastrexabilidade establecida no artigo 58 do Regulamento (CE) 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, cos datos derivados da factura comercial do importador ou outra documentación alfandegueira ou o certificado de captura, segundo corresponda. De ser o caso, poderán utilizar a aplicación informática establecida na disposición adicional primeira deste real decreto.

9. Os ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Facenda e Administracións Públicas, e Economía e Competitividade establecerán os mecanismos de coordinación necesarios para que os datos de intercambios de produtos pesqueiros e comercio exterior estean á disposición da Secretaría Xeral de Pesca e das comunidades autónomas, con pleno respecto á normativa específica aplicable respecto aos datos de natureza tributaria e alfandegueira.

10. No caso de produtos pesqueiros comunitarios que se poñan por primeira vez á venda en España, que veñan acompañados de documento de transporte, este deberá estar traducido, polo menos, ao castelán, sen prexuízo da tradución para a lingua cooficial correspondente que poidan determinar as comunidades autónomas.

Artigo 5. *Modalidades de primeira venda.*

1. As modalidades de primeira venda dos produtos pesqueiros serán as seguintes:

a) Produtos da pesca extractiva marítima vivos, frescos e refrixerados: a primeira venda realizarase a través das lonxas dos portos.

b) Produtos do marisqueo e produtos procedentes de augas continentais: a primeira venda poderase levar a cabo en lonxas ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas, estean situados no recinto portuario ou non.

c) Produtos da acuicultura, incluídas as granxas de engorda e produción de algas e recollida de argazos: a primeira venda destes produtos poderase realizar nas lonxas dos portos, nos propios centros de produción ou noutros establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

d) Produtos da pesca extractiva marítima estabilizados a bordo ou en terra: a primeira venda dos produtos da pesca marítima extractiva estabilizados a bordo o en terra dalgunha das formas recollidas no artigo 30.d) do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro de 2013, realizarase nas lonxas ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas:

2. Para os efectos do disposto no número anterior, nos seguintes supostos a primeira venda poderá non efectuarse en lonxa e realizarase nos establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

a) Cando a primeira venda se leve a cabo nos territorios insulares que non dispoñan de lonxa.

b) Cando se trate da captura de especies eurihalinas, especialmente a anguía (*Anguilla anguilla*) e a lamprea (*Petromyzon marinus*).

3. En casos puntuais determinados polas comunidades autónomas, poderán regular, logo de informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a adquisición de pequenas cantidades de produtos pesqueiros por consumidores finais, en aplicación dos artigos 58.8, 59.3 e 65.2 do Regulamento (CE) 1224/2009, do 20 de novembro de 2009.

Artigo 6. *Requisitos dos concesionarios e instalacións para efectuar a primeira venda.*

1. As lonxas e os establecementos autorizados e os seus concesionarios, para realizaren a venda dos produtos pesqueiros que teñan obriga de efectuar unha nota de venda segundo o artigo 7, calquera que sexa a súa cifra de negocio, deberán reunir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Dispor de equipamentos informáticos suficientes e adecuados para a obtención e transmisión electrónica, tanto á Administración competente como aos operadores, da información establecida no presente real decreto.

b) Dispor de sistemas de pesaxe verificados e aprobados pola Administración competente, sendo responsables da exactitude da pesaxe e sen prexuízo da responsabilidade do armador de efectuala e dos plans de mostraxe vixentes. Esta pesaxe utilizarase para a confección da declaración de desembarque e poderá determinarse nese momento o número de lote. Así mesmo, a pesaxe utilizarase para determinar o documento de transporte, a declaración de recollida e a nota de venda correspondente, sen prexuízo das marxes de tolerancia que sexan de aplicación.

c) Deberán cumprir co disposto no artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 1380/2013, do 11 de decembro, ou outra normativa que os afecte, en materia de control do tamaño mínimo de referencia de conservación das especies postas á venda. Así mesmo, no caso de produtos suxeitos a normas comúns de comercialización, unicamente se poderán pór á venda se cumpren as ditas normas.

d) Comunicarán a alta e baixa de compradores rexistrados ás comunidades autónomas, que deberán elaborar un censo, en consonancia co disposto no artigo 2.2.e). Para iso poderán utilizar a aplicación informática establecida na disposición adicional primeira do presente real decreto, sen prexuízo da normativa autonómica que lle sexa de aplicación.

e) Os compradores rexistrados, cando non paguen ao contado, para accederen á compra de produtos pesqueiros, deberán consignar na lonxa pesqueira un aval ou un seguro de caución. As comunidades autónomas regularán este sistema de garantías, logo

de informe da Conferencia Sectorial de Pesca sobre as súas características, e deberán atender en todo caso ao establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado. Este requisito non será de aplicación para os establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

f) O concesionario da lonxa ou establecemento autorizado deberá aboar, de ser o caso, as taxas que lle sexan de aplicación ao armador do buque ou ao propietario da pesca que efectúe a primeira venda, incluída a taxa portuaria da pesca fresca (T-4) establecida no artigo 218 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante. Así mesmo, o concesionario poderá percibir unha taxa pola confección dos documentos establecidos neste real decreto, segundo estableza en cada caso a lexislación autonómica.

2. No caso dos produtos que deban cubrir un documento de rastrexabilidade segundo o disposto no artigo 8, as comunidades autónomas regularán os requisitos que deben cumprir os establecementos autorizados por elas, tendo en conta o establecido no número 1.

Artigo 7. *Nota de venda.*

1. No momento de se producir a primeira venda de produtos pesqueiros en calquera das modalidades do artigo 5, coa excepción dos números 5.1.c) e 5.3, as lonxas ou establecementos autorizados cubrirán unha nota de venda que se deberá transmitir de forma electrónica.

Cada nota de venda terá un código identificativo único que deberá conter, polo menos, os seguintes campos, así como aqueles que poidan determinar as comunidades autónomas, sen prexuízo do disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro:

- a) Número de lote.
- b) Denominación comercial, nome científico e código Alfa-3 FAO de cada especie.
- c) Data de captura.
- d) Zona xeográfica pertinente ou zona de captura segundo corresponda.
- e) Identificación da unidade de produción. No caso de buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 10 metros, deberá indicar, ademais, o código de marea do caderno diario de pesca.
- f) Nome, código do porto e data de desembarque ou lugar e data da descarga.
- g) Nome e apelidos ou razón social e enderezos do vendedor e do comprador, así como os correspondentes números de identificación fiscal. Deberase consignar en todo caso o nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro cando proceda.
- h) Método de produción.
- i) Lugar e data da venda.
- j) Cantidades de cada especie vendida. O peso neto determinarase en quilogramos ou número de exemplares por quilogramo, segundo proceda, así como o prezo por quilogramo.
- k) Modo de presentación, segundo establece o anexo I do Regulamento (CE) n.º 404/2011, do 8 de abril de 2011, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común.
- l) Arte de pesca, segundo recolle o anexo III do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro de 2013.
- m) No caso de especies sometidas a normas comúns de comercialización, deberase expresar o seu calibre e a frescura ou outra información que se encontre en vigor.
- n) No caso de produtos que vaian ser almacenados por organizacións de produtores pesqueiros en aplicación do artigo 30 do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro, indicaranse esta circunstancia e o lugar de almacenamento.
- ñ) No caso dos produtos da pesca por debaixo do tamaño de referencia mínimo de conservación, deberán indicar o seu destino, que non poderá ser o consumo humano directo.

o) Referencia ao contrato alimentario ou a outros pactos previos no caso de transaccións contractuais.

p) Se é o caso, deberase indicar a referencia ao documento de transporte ou á declaración de recollida. No caso de produtos comunitarios capturados en augas extracomunitarias, deberase indicar a referencia ao documento T2M alfandegueiro.

2. O prezo, expresado en euros, que figure na nota de venda deberá coincidir co prezo de venda que conste na correspondente factura, sen incluír impostos. Deberase consignar a moeda no caso de vendas en terceiros países.

Artigo 8. *Documento de rastrexabilidade.*

1. Para os produtos pesqueiros establecidos no artigo 5.1.c), o concesionario da lonxa ou establecemento autorizado, no momento de se producir a primeira venda, cubrirá un documento de rastrexabilidade de cada lote, que deberá transmitir de forma electrónica ao seguinte operador.

2. O documento de rastrexabilidade deberá conter, polo menos, os seguintes campos, así como aqueles que poidan determinar as comunidades autónomas, sen prexuízo do disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro:

- a) Número de lote.
- b) Denominación comercial, nome científico e código Alfa-3 FAO de cada especie.
- c) Data de produción ou recolección.
- d) Zona de cría ou recolección do produto, segundo o establecido no artigo 38 do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro. No caso das algas e argazos, indicárase a comunidade autónoma.
- e) Identificación da unidade de produción.
- f) Nome e apelidos ou razón social e enderezos do vendedor e do comprador, así como os correspondentes números de identificación fiscal.
- g) Método de produción.
- h) Lugar e data da venda.
- i) Cantidades de cada especie vendida. O peso neto determinarase en quilogramos ou o número de exemplares por quilogramo, segundo proceda.
- j) Modo de presentación, segundo establece o anexo I do Regulamento (CE) n.º 404/2011, do 8 de abril de 2011.
- k) Referencia ao contrato alimentario ou outros pactos previos no caso de transaccións contractuais.

3. A información contida no documento de rastrexabilidade deberá estar á disposición das administracións públicas correspondentes, sen prexuízo do establecido no artigo 12. Para iso, os establecementos autorizados ou as lonxas, de ser o caso, deberán utilizar a aplicación informática establecida na disposición adicional primeira deste real decreto.

4. Autorízase o traxecto dos lotes entre o momento da pesca ou recolección e o seu transporte ao primeiro establecemento autorizado para realizar a venda, sempre que quede acreditada a súa rastrexabilidade.

Artigo 9. *Declaración de recollida.*

1. Cando os produtos pesqueiros que deban cubrir unha nota de venda estean destinados a ser almacenados en vivo ou estabilizados dalgunha das maneiras recollidas no artigo 30.d) do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro de 2013, para unha venda ulterior, as lonxas ou establecementos autorizados cubrirán unha declaración de recollida que lles entregarán aos produtores.

Cada declaración de recollida terá un código identificativo único e deberá conter, polo menos, os seguintes campos, así como aqueles que poidan determinar as comunidades autónomas, sen prexuízo do disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro:

- a) Número de lote.
- b) Denominación comercial, nome científico e código Alfa-3 FAO de cada especie.
- c) Data de captura.
- d) Zona xeográfica pertinente ou zona de captura, segundo corresponda.
- e) Identificación da unidade de produción. No caso de buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 10 metros, deberase indicar, ademais, o código de marea do caderno diario de pesca.
 - f) Nome, código do porto e data de desembarque ou lugar e a data da descarga.
 - g) Nome e apelidos ou razón social e enderezo do vendedor, así como o seu número de identificación fiscal. Deberase consignar, en todo caso, o nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.
 - h) Método de produción.
 - i) Modo de presentación á entrada e á saída da recollida, segundo establece o anexo I do Regulamento (CE) n.º 404/2011, do 8 de abril de 2011.
 - j) Cantidades de cada especie. O peso neto determinarase en quilogramos ou número de exemplares por quilogramo.
 - k) No caso de especies sometidas a normas comúns de comercialización, deberanse expresar o seu calibre e a frescura ou outra información que se encontre en vigor.
 - l) Nome e enderezo do lugar en que os produtos estean almacenados.
 - m) Arte de pesca, segundo recolle o anexo III do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do 11 de decembro de 2013.
 - n) De ser o caso, a referencia do documento de transporte ou ao documento T2M alfandegueiro.
 - ñ) No caso de que o almacenamento se produza fóra das instalacións portuarias, identificarase o vehículo de transporte en cada traxecto, con expresión da matrícula, e o transportista deberá ter no seu poder unha copia da declaración de recollida. Así mesmo, este documento será válido para o retorno á lonxa de orixe para efectuar a primeira venda.

2. Non será necesario cubrir, no momento da súa entrada na lonxa ou establecemento autorizado, unha declaración de recollida, no caso de se comercializar na venda programada inmediatamente posterior, sempre que quede acreditada a propiedade dos lotes.

3. No caso de que o destino do produto sexa a súa estabilización no lugar de almacenamento por conxelación, salgadura, escabeche, marinado, cocción ou outros medios, ou veña estabilizado a bordo do buque, o armador deberá conservar a declaración de recollida ata que se produza a primeira venda como produto pesqueiro encadrado no artigo 5.1.d).

Artigo 10. *Documento de transporte.*

1. Os produtos pesqueiros para os cales sexa obrigatorio cubrir unha nota de venda e que se transporten a unha lonxa ou establecemento autorizado distinto ao porto ou lugar de desembarque para efectuar a primeira venda, irán acompañados dun documento de transporte. Deberase cubrir nos casos en que no se efectuase a primeira venda ou no caso de que se cubrixe unha declaración de recollida e se pretenda transportar a totalidade ou parte dos produtos incluídos nela a unha lonxa ou establecemento autorizado distinto do porto ou lugar de desembarque.

2. O concesionario da lonxa ou establecemento autorizado do porto ou lugar onde se desembarcasen os produtos cubrirá e entregaralle ao transportista o documento de transporte. No caso das situacións previstas no artigo 3.2, as comunidades autónomas poderán autorizar o transportista para a confección do documento de transporte.

3. Segundo o establecido no artigo 11.1.a), o transportista deberá entregar ou poder demostrar que se transmitiu electronicamente o documento de transporte á lonxa ou ao establecemento autorizado de destino.

4. Cada documento de transporte terá un código identificativo único e deberá conter, polo menos, os seguintes campos, así como aqueles que poidan determinar as comunidades autónomas, sen prexuízo do disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro:

- a) Número de lote.
- b) Denominación comercial, nome científico e código Alfa-3 FAO de cada especie.
- c) Data de captura.
- d) Zona xeográfica pertinente ou zona de captura, segundo corresponda.
- e) Identificación da unidade de produción. No caso de buques pesqueiros de eslora igual o superior a 10 metros, deberase indicar, ademais, o código de marea do caderno diario de pesca.
- f) Nome, código do porto e data de desembarque ou lugar e data da descarga.
- g) Identificación do consignatario ou consignatarios, indicando nome, enderezo e os correspondentes números de identificación fiscal. Deberase consignar, en todo caso, o nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro cando proceda.
- h) Método de produción.
- i) Modo de presentación, segundo establece o anexo I do Regulamento (CE) n.º 404/2011, do 8 de abril de 2011.
- j) Cantidades de cada especie. O peso neto determinarase en quilogramos ou o número de exemplares por quilogramo, segundo proceda, sen prexuízo das excepcións que se establezan en virtude do artigo 61 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro.
- k) No caso de especies sometidas a normas comúns de comercialización, deberanse expresar o seu calibre e a frescura ou outra información que se encontre en vigor.
- l) Lugar e data de carga.
- m) No caso de produtos almacenados mediante unha declaración de recollida, cando se produza a primeira venda nunha lonxa ou establecemento autorizado diferente do de orixe, deberase indicar a referencia á declaración de recollida.
- n) Arte de pesca, segundo recolle o anexo III do Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do 11 de decembro de 2013.
- ñ) Nome e enderezo do lugar de destino do envío ou envíos e a identificación do vehículo de transporte, con expresión da matrícula.

5. Non será necesario presentar un documento de transporte se os produtos se transportan dentro dunha zona portuaria sempre que quede acreditada a propiedade dos lotes.

6. Queda prohibido efectuar a primeira venda dos produtos comunitarios segundo o indicado nos números 1 e 3, cando accedan por vía terrestre ás lonxas ou establecementos autorizados se non van acompañados do pertinente documento de transporte, xa sexa en papel ou transmitido de forma electrónica.

7. Non será necesaria a confección dun documento de transporte para os produtos recollidos no artigo 5.1.d), cando este sexa realizado por vía marítima en contedores frigoríficos precintados, naquelas escalas ou desembarques que deba realizar en tránsito ata o porto de destino, sen prexuízo dos trámites alfandegueiros aos cales se deban someter.

Artigo 11. *Documentación necesaria para o transporte de produtos pesqueiros.*

1. Durante o transporte dos produtos pesqueiros, tanto se se produciu a primeira venda como se non, deberán ir acompañados da seguinte documentación:

- a) No caso dos produtos pesqueiros que deban cubrir unha nota de venda e que non fosen vendidos, o transportista deberá posuír en formato papel ou poder demostrar que se transmitiron electronicamente os documentos establecidos nos artigos 9 e 10, segundo corresponda, sen prexuízo do previsto no artigo 61 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, relativo á pesaxe dos produtos da pesca tras o transporte

desde o lugar de desembarque. No caso dos produtos pesqueiros que deban cubrir un documento de rastrexabilidade, observárase o disposto no artigo 8.4.

b) No caso dos produtos pesqueiros para os cales se efectuase a primeira venda ou proveñan dunha importación, o transportista deberá posuír en formato papel ou poder demostrar que se transmitiu electronicamente un albará, factura ou outro documento con similar información, que conteña, polo menos, a seguinte información, sen prexuízo do disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro:

- 1.º Denominación comercial da especie e o seu nome científico.
- 2.º Método de produción.
- 3.º Zona de captura ou de cría.
- 4.º Arte de pesca no caso de pesca extractiva.
- 5.º Número de lote.
- 6.º Cantidades de cada especie. O peso neto indicárase en quilogramos ou o número de exemplares por quilogramo, segundo proceda.

2. A documentación indicada no número 1 será complementaria á documentación preceptiva exigible, de ser o caso, para a realización de transporte de mercadorías por estrada.

Artigo 12. *Transmisión da información.*

1. No caso dos produtos que deban efectuar nota de venda, o concesionario da lonxa ou establecemento autorizado pola comunidade autónoma será o responsable de cubrir e comunicar as notas de venda e, de ser o caso, declaracións de recollida e documentos de transporte, e da súa presentación ante a Administración competente.

2. As notas de venda, documentos de transporte e declaracións de recollida remitiranse, de forma electrónica, de maneira que a información estea en poder das comunidades autónomas e da Secretaría Xeral de Pesca nun prazo de vinte e catro horas desde que se produza.

3. No caso de efectuarse a primeira venda nun terceiro país, segundo o establecido no artigo 62.5 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009, do 20 de novembro de 2009, o capitán do buque pesqueiro ou o seu representante cubrirán, a través da aplicación informática establecida na disposición adicional primeira, a nota de venda correspondente cos campos establecidos que procedan do artigo 7.1, nun prazo máximo de 48 horas. Pola súa vez, a Secretaría Xeral de Pesca trasladará a información á Comunidade Autónoma onde o buque teña establecido o seu porto base, nun prazo de 24 horas desde a súa recepción.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas oficializarán os datos mediante a remisión á Secretaría Xeral de Pesca, na primeira quincena de cada mes, das regularizacións dos datos obtidos das primeiras vendas, declaracións de recollida ou, de ser o caso, dos documentos de transporte que se realicen na súa comunidade autónoma o mes anterior, sen prexuízo das modificacións puntuais que as comunidades autónomas poidan efectuar con posterioridade no caso de se detectar algunha incidencia.

5. No caso dos produtos pesqueiros establecidos no artigo 5.1.c) que deben cubrir un documento de rastrexabilidade, os operadores deberán enviar ao órgano competente da súa comunidade autónoma un resumo mensual onde se reflicta o volume de vendas expresado en quilogramos e o prezo medio por quilogramo para cada unha das especies postas á venda. A remisión realizarase na primeira quincena do mes seguinte ao cal se refiren as operacións de venda e as comunidades autónomas oficializarán os datos e remitiranllos á Secretaría Xeral de Pesca na segunda quincena do dito mes.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto neste real decreto sancionárase de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e no título V da Lei 12/2013, do 2 de agosto, sen prexuízo da aplicación das normas ditadas polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

Disposición adicional primeira. *Coordinación administrativa.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente porá á disposición de todas as administracións públicas, lonxas e establecementos autorizados, e operadores un sistema informático en materia de notas de venda, documentos de rastrexabilidade, declaracións de recollida e documentos de transporte que permita a súa utilización de maneira conxunta en cumprimento do establecido no artigo 12.

Disposición adicional segunda. *Confidencialidade.*

As administracións públicas competentes en cada caso adoptarán as medidas necesarias para protexer os datos recibidos en virtude deste real decreto da destrución accidental ou ilícita, da perda accidental, da deterioración, da distribución ou da consulta non autorizada, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Deberán gardar a información durante, polo menos, un período de tres anos e restrinxirse o seu uso unicamente a fins oficiais.

Disposición adicional terceira. *Documentación específica.*

Para todas as especies para as cales se establecese a obriga de ir acompañadas dunha documentación específica en aplicación da súa normativa sectorial, esta deberá estar dispoñible xunto coa establecida neste real decreto, por solicitude das autoridades competentes.

Disposición adicional cuarta. *Control documental e rastrexabilidade do transporte dos produtos pesqueiros.*

Os órganos competentes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas establecerán os mecanismos de colaboración pertinentes co fin de garantir o control documental e da rastrexabilidade no transporte dos produtos pesqueiros.

Disposición adicional quinta. *Información sobre lonxas, establecementos autorizados e compradores rexistrados.*

A Secretaría Xeral de Pesca publicará anualmente na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente unha relación das lonxas e dos establecementos autorizados, así como os compradores rexistrados para operaren en España. As comunidades autónomas transmitirán esta información á Secretaría Xeral de Pesca dentro do primeiro trimestre de cada ano.

Disposición adicional sexta. *Resolución de denominacións comerciais.*

As especies deberanse sempre identificar coa denominación comercial, o nome científico e o código Alfa-3 FAO establecidos na resolución da Secretaría Xeral de Pesca pola que se publica a listaxe de denominacións comerciais de especies pesqueiras e de acuicultura admitidas en España.

Disposición adicional sétima. *Recoñecemento mutuo.*

Conserva a súa validez o principio do mutuo recoñecemento extensivo aos produtos lexitimamente fabricados ou comercializados noutros países da Unión Europea, nos países asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e nos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea, de acordo coa súa propia normativa e xunto coa correspondente documentación acreditativa, logo da súa posta no mercado español.

Disposición transitoria única. *Adaptación das lonxas e dos establecementos autorizados.*

As lonxas e os establecementos autorizados para exercer a primeira venda dos produtos pesqueiros disporán de doce meses para se adaptaren ao disposto no presente real decreto desde o momento da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto, e especificamente as seguintes:

1. Real decreto 1822/2009, do 27 de novembro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.
2. Real decreto 121/2004, do 23 de xaneiro, sobre a identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo vivos, frescos, refrixerados ou cocidos.
3. Real decreto 1380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados.
4. Decreto 307/1960, do 25 de febreiro, polo que se valida a exacción denominada «Canon sobre a exportación ao interior de pescado fresco».
5. Decreto 310/1960, do 25 de febreiro, polo que se valida a exacción denominada «Concesión de licenzas e permisos para a pesca de meixóns».
6. Decreto 312/1960, do 25 de febreiro, polo que se valida a taxa denominada «Recollida de algas e argazos secos».
7. Decreto 294/1978, do 6 de febreiro, polo que se inclúe a pescada, pescada pequena e carioca conxeladas no réxime de prezos de vixilancia especial.
8. Orde do 25 de novembro de 1964 pola que se dispón que o transporte de pescado conxelado depositado por barcos españois nos frigoríficos de Cidade do Cabo se transporte en buques tamén nacionais, salvo casos especiais.
9. Orde do 15 de xuño de 1965 pola que se regula a recollida e explotación de algas no litoral da provincia de Sahara.
10. Orde do 12 de setembro de 1967 sobre regulamentación para a recollida de argazos e corte de algas de fondo.
11. Orde do 24 de setembro de 1969 sobre normas para garantir a calidade da pescada conxelada.
12. Orde do 20 de xuño de 1972 sobre regulamentación para recollida, explotación industrial e comercialización de algas de fondo e argazos.
13. Orde do 30 de abril de 1973 pola que se autoriza a campaña de algas de fondo industrializable e non industrializable.
14. Orde do 15 de abril de 1974 pola que se autoriza a recolección de algas de fondo do xénero «Gelidium».
15. Orde do 17 de xuño de 1975 pola que se regula a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium» e se fixan condicións.
16. Orde do 31 de maio de 1976 pola que se regula a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium».
17. Orde do 18 de abril de 1977 pola que se regula a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium».
18. Orde do 17 de maio de 1978 pola que se regula a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium» para o ano 1978.
19. Orde do 7 de xuño de 1979 sobre regulación da campaña de algas dos xéneros «Gelidium» e «laminaria» para o ano 1979.
20. Orde do 25 de marzo de 1980 sobre normas para a pesca do meixón.
21. Orde do 15 de abril de 1980 sobre fixación de prezos máximos do pescado conxelado nos distintos niveis de comercialización.
22. Orde do 6 de maio de 1980 pola que se regula a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium» para o ano 1980.

23. Orde do 30 de xuño de 1981 sobre a campaña de corta de algas do xénero «Gelidium» e de recollida de argazos xénero «Lique» para 1981.

24. Orde do 14 de abril de 1982 de regulación da campaña de corta de algas para o ano 1982.

25. Orde do 6 de decembro de 1982 sobre extracción de algas do xénero «Lique».

26. Orde PRE/634/2004, do 5 de marzo, pola que se crea a Comisión de Denominacións Comerciais de Especies Pesqueiras en España.

27. Circular número 8/1955, do 28 de setembro, pola que se ditan normas sobre peixe fresco, conxelado, conservas, salgaduras, bacallau e produtos derivados.

28. Circular 7/1967, do 4 de decembro, da Comisaría Xeral de Abastecementos e Transportes, pola que se sinalan prezos máximos para a venda por xunto e marxes comerciais máximas para a venda ao público da pescada e da carioaca conxeladas.

29. Resolución da Dirección Xeral de Comercio Alimentario, do 15 de xullo de 1974, sobre marxes comerciais máximas para a venda por xunto e ao público da pescada e carioaca conxeladas.

30. Resolución do 31 de maio de 1976 pola que se restablece a marxe comercial de grosista para o peixe conxelado.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 114/2013, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común, se establecen as normas de aplicación do sistema de puntos e se actualizan os importes das sancións previstas na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

O Real decreto 114/2013, do 15 de febreiro, polo que se crea e se regula o Rexistro nacional de infraccións graves á política pesqueira común, se establecen as normas de aplicación do sistema de puntos e se actualizan os importes das sancións previstas na Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«1. As condutas recollidas no anexo XXX do Regulamento (UE) n.º 404/2011 da Comisión, do 8 de abril de 2011, que estean tipificadas nos artigos 100, 101, 103 e 104 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, ou nas correspondentes normas autonómicas, comportarán a asignación de puntos cando así se determine na resolución sancionadora, en función da gravidade da infracción, que será apreciada tendo en conta o disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, do 20 de novembro de 2009, e nos artigos 3 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1005/2008, do 29 de setembro de 2008.»

Dous. O número 1 do artigo 7 queda redactado como segue:

«1. De acordo co disposto no artigo 112 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, o órgano competente para a imposición de sancións asignará na correspondente resolución sancionadora o número de puntos por comisión de infraccións graves ao titular da licenza de pesca do buque pesqueiro afectado, de conformidade co establecido no artigo 6 deste real decreto.»

Tres. O número 2 do artigo 8 queda redactado como segue:

«2. De acordo co disposto no artigo 112 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, o órgano competente para a imposición de sancións asignará na correspondente resolución sancionadora o número de puntos por comisión de infraccións graves ao capitán ou patrón do buque pesqueiro afectado.»

Catro. A alínea c) 1.7 do anexo queda redactada como segue:

«7. Data de prescrición da sanción, de acordo co disposto no artigo 93.2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de ordenación do sector pesqueiro.

No que respecta á rastrexabilidade e ao control, dítase, conxuntamente, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica.

En relación cos produtos pesqueiros procedentes de terceiros países, o real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.10.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro das competencias ás cales se refire a disposición derradeira primeira do Real decreto 114/2013, do 15 de febreiro.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA